



CIRCULAR SFAF. N.º 3.2011 POLA QUE SE ANUNCIA A REALIZACIÓN DE CURSOS DE FORMACIÓN PARA O PERSOAL QUE PRESTA SERVIZO OU COLABORA NO DISPOSITIVO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

1. DIVULGACIÓN DAS ACCIÓNS FORMATIVAS

No marco do programa de formación para 2011 da Consellería do Medio Rural, considérase necesario realizar unha acción formativa, consistente en cursos teórico-prácticos dirixida ao colectivo de traballadores que integran ou colaboran no dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais da Consellería de Medio Rural co obxectivo de mellorar a capacitación e eficacia destas persoas nos labores que desenvolven, así como incrementar a seguridade e saúde nas ditas operacións.

O Programa de Formación farase público por medio da páxina web da consellería: http://mediorural.xunta.es/areas/investigacion_e_formacion/centros_de_formacion/formacion_continua/, así como de outros medios de difusión.

A convocatoria de cada curso farase cun prazo mínimo de 10 días naturais antes do seu inicio, e para a presentación das solicitudes de asistencia, o día anterior ao seu inicio.

Todos os cursos deste programa de formación están cofinanciados polo FSE co 80%, polo que será obrigatorio que, en calquera documento divulgativo, publicación ou material didáctico específico que se elabore para as mesmas figure, xunto co anagrama da Xunta de Galicia, o da Comunidade Económica Europea e a referencia directa ao fondo que cofinancia (FSE).

Nos locais de impartición dos cursos figurarán sempre en lugar visible os carteis correspondentes, que poden solicitar a esta unidade, polo menos na entrada e no interior do local, permanecendo expostos ao longo da celebración do curso. Así mesmo informarase aos participantes do curso da fonte de investimento.

As solicitudes orixinais de participación recibidas serán sempre rexistradas polas unidades onde se presenten, sendo posteriormente remitidas, xunto coa documentación xustificativa do curso/acción formativa á Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais (os modelos de solicitude están no **Anexo I**: solicitude cursos dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais 2011).



2. DESTINATARIOS

O colectivo de traballadores que integran e colaboran no dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais da Consellería do Medio Rural co obxectivo de mellorar a capacitación e eficacia destas persoas nos labores que desenvolven, así como incrementar a seguridade e saúde nas ditas operacións.

3. TIPO DE ACTIVIDADES

As acción formativas son obrigatorias en cumprimento da lexislación de prevención en riscos laborais (Lei 31/1995, de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais) para o persoal de nova incorporación aos Servizos de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais ou persoal que teña pendente esa formación ou que deba de actualizala.

A Consellería do Medio Rural segundo o artigo 14 punto 1, da Lei 3/2007 de incendios forestais de Galicia, formará ao seu propio persoal (fixos, fixos discontinuos, e eventual), e reforzará a formación do persoal pertencente as entidades locais no caso de solicitalo.

A Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, conforme ás funcións que lle confire o Decreto 318/2009, do 4 de xuño, (DOG Núm. 114, venres 12 de xuño de 2009), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellaría do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía, e de acordo coa lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que inclúe a formación dos medios e axentes do servizo nas medidas do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, propón, dentro do marco do programa de formación continua, cursos dirixidos ao persoal que integran o dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais da Dirección Xeral de Montes, co obxectivo de mellorar a súa capacitación e de que realice o seu traballo con seguridade e maior eficacia.

No caso de que os cursos sexan impartidos por empresas dedicadas á formación, realizarase un contrato segundo a normativa vixente en materia de contratos coa administración pública (Lei 30/2007 do 30 de outubro de contratos do Sector Público), debendo cumprir coa Lei no referente aos contratos menores e ao fraccionamento.



O Programa de Formación para desenvolver no exercicio 2011 é o que se xunta.

N.º DE EDICIÓNS	ACCIÓN FORMATIVA
24	A1. SEGURIDADE NOS TRABALLOS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA PERSOAL CONTRATADO COMO CONDUTOR DE AUTOBOMBA
6	A2. CURSO DE RECICLAXE EN SEGURIDADE E SAÚDE PARA BRIGADAS HELITRANSPORTADAS DO SPDCIF
4	A3. CURSO DE RECICLAXE EN SEGURIDADE E SAUDE PARA CUADRILLAS DO SPDCIF
16	A4. CURSO BÁSICO PARA VIXIANTES FIXOS DO SPDCIF DA XUNTA DE GALICIA. SEGURIDADE NOS TRABALLOS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS
20	A5. CURSO BÁSICO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS PARA PEÓNS CONDUTORES DO SPDCIF. SEGURIDADE NO TRABALLO.

Para facilitar as labouras de xestión, cada acción formativa ten asignado un código que identifica a anualidade, o fondo europeo que cofinancia (FSE), a provincia, o tipo de curso (letras A1,A2, A3, A4 e A5) e o número de edicións por provincia. A distribución das accións formativas entre as diferentes provincias recóllese nos **Anexos VIII e IX**, así como as características específicas.

O lugar de celebración específico de cada curso determinarase pola Subdirección Xeral de Prevención e Defensa contra os Incendios forestais ou polos respectivos Servizos provinciais de Prevención e Defensa contra Incendios forestais (en adiante SPPDCIF).

4. NOMEAMENTO DOS DOCENTES E COMUNICACIÓN DE INICIO

O Xefe Territorial da Consellería do Medio Rural de cada provincia será o responsable do nomeamento do persoal docente e de coordinación de cada acción formativa. (xúntase como modelo o **Anexo VI**).

O persoal coordinador de cada acción formativa comunicará o nomeamento a cada docente, (xúntase como modelo o **Anexo VII**), facendolle saber que debe coñecer e cumprir co establecido no artigo nº 19. b) da Lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas sobre "a dirección de seminarios ou o ditado de cursos ou

conferencias en centros oficiais destinados á formación de funcionarios ou profesorado, cando non teñan carácter permanente ou habitual nin supoñan máis do 75 horas ao ano".

O coordinador do curso, comunicara o inicio da acción formativa cunha antelación dunha semana, á Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, por medio do enderezo electrónico dxiiiaf@xunta.es, enchendo a ficha do **Anexo II**.

A coordinación técnica dos cursos será realizada, exclusivamente por persoal técnico das unidades da Consellería do Medio Rural que desenvolven o curso.

5. CONTROL ADMINISTRATIVO

A duración real dos cursos, en horas lectivas, incluíndo actividades de prácticas, non será en ningún caso inferior ó programa de curso aprobado. En cada acción formativa será de obrigado cumprimento o control de asistencia según o modelo que se xunta como anexo III

A supervisión do programa de cursos impartidos correspóndelle á Subdirección Xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica, quen designará ás persoas encargadas de realizar o control do desenvolvemento das accións formativas en cada provincia. En ningún caso poderán coincidir na mesma persoa as labores de coordinación e de inspección dos cursos.

Todas aquelas accións formativas que, no decurso do proceso de verificación polo persoal da Consellería de Medio Rural designado para elo incumpran algunha das condicións relativas a número de alumnos, duración ou cualificación do profesorado, serán anulados e non financiados pola Consellería de Medio Rural, previo informe motivado da Subdirección Xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica.

6. DOTACION ECONOMICA DOS CURSOS

Como norma xeral, e salvo excepcións debidamente xustificadas, a dotación económica de cada curso axustarase ó seguinte baremo:

TIPO DE GASTO	IMPORTE (€)
PROFESORADO (€ /hora)	40
COORDINACION TECNICA (€/curso)	60
COORDINACION ADMINISTRATIVA (€/curso)	20

A porcentaxe de retención a aplicar será do 15 %, de acordo coa *Lei 46/2002 de 18 de decembro de 2002, de reforma do IRPF*. Se houbera algunha variación deste regulamento comunicárase inmediatamente por este centro.

7. XUSTIFICACIÓN DOS CURSOS:

a. Mediante programa informático:

Para a xustificación económica dos cursos empregarase unha aplicación informática no entorno Web da intranet da Consellería do Medio Rural http://iisprod.agri.local/cursos_agroforestais. Cada unidade impartidora deberá solicitar a autorización para poder entrar na aplicación informática enviando polo correo electrónico dxiiaf@xunta.es a seguinte información:

NOME	APELIDOS	NIF	USUARIO DO DOMINIO DE INFORMATICA	UNIDADE/S IMPARTIDORA/S	CÓDIGO DOS CURSOS

Para aclarar as dúbidas na tramitación dos cursos o teléfono de contacto é 981.54 66 79.

b. Por correo ordinario (en soporte papel):

- Oficio de remisión.(Anexo X)
- Solicitudes orixinais dos alumnos rexistrados (Anexo I).
- Orixinal de control de asistencia (Anexo III).
- Factura orixinal e copia cotexada.
- Certificación do curso emitido polo responsable da unidade ou coordinador do curso por duplicado (Anexo IV).
- “Memoria-propostas” asinadas, con data anterior ao inicio do curso, por duplicado.
- Nóminas do profesorado, por duplicado, conformadas.
- Relacións de provedores, por duplicado, conformadas.
- Nomeamento de profesorado, asinadas.

c. Todas as facturas serán mecanizadas electrónicamente e terán:

- Número de factura.
- Detalle do material didáctico adquirido, relacionado co tema do curso.
- Desglose do IVE (non serven as facturas con IVE incluído).
- Cliente: Consellería do Medio Rural, Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, Rúa do Camiño Frances nº 10, 15703 Santiago de Compostela, co CIF xenérico da Xunta de Galicia: S-1511001-H.

d. Prazo de xustificación

Con carácter xeral, o prazo para a xustificación dos cursos aprobados pola presente circular farase no prazo dun mes dende o remate do curso.



Aqueloutros cursos que fosen aprobados e que non se realicen finalmente, deberán ser anulados mediante solicitude.

8. CERTIFICACIÓNS

Serán expedidas de oficio pola Dirección Xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais certificacións de asistencia ou de aproveitamento, se é o caso..

De todas as certificacións que sexan entregadas aos interesados solicitarase por parte da unidade acuse de recibo ou recibí segundo o caso.

Para facerse acreedor da certificación será obrigatorio asistir ao 100 % das horas lectivas do mesmo, e ademais superar as probas de avaliación correspondentes, se é o caso.

8. MODIFICACIÓNS NA PROGRAMACIÓN

Calquera cambio de data, localidade de celebración ou tema do curso, solicitarase a esta dirección xeral mediante informe razoado e coa suficiente antelación (**Anexo V**)

No caso dun curso que non se poida celebrar, comunicarse a súa anulación de forma inmediata co fin de aproveitar todos os recursos económicos dispoñibles.

Santiago de Compostela, 30 de xuño de 2011

A directora xeral de Innovación
e Industrias Agrarias e Forestais

Alejandra Alvarez de Mon Rego

